



DECRETO DE ALCALDÍA

ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR DE SERVICIO DE REDACCIÓN DO PROXECTO DAS OBRAS INCLUIDO NO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019.

D. Francisco Javier Balado Teijeiro, Alcalde-Presidente do concello de Castro de Rei (Lugo).

Visto o Informe do Órgano de Contratación, da necesidade da contratación, de data 28 de marzo de 2019, asinado pola alcaldía.

Visto o certificado de Intervención de existencia de crédito na bolsa de vinculación 4.6 do orzamento do exercicio 2019, que é o prorrogado de 2018, por importe de 6.921,12 euros para facer fronte á contratación do servizo de redacción do proxecto das obras de: "Mellora e mantemento de accesos nas seguintes vías municipais: 1. ACCESO Ó NÚCLEO DE ANCAO (PKs 0+000-1+715), DENDE O P.K. 77+960 DA N-640 Ó P.K. 0+510 DA LU-760, PARROQUIA DE MONDRÍZ; 2. ACCESO Á GRANDA DE CANAVAL (PKs 0+000-1+072), DENDE O P.K. 1+360 DA LU-P-1114, PARROQUIA DE DUANCOS; 3. ACCESO Ó NÚCLEO DO CASTRO (PKs 0+000-0+060), DENDE O P.K. 1+600 DA LU-P-1114, PARROQUIA DE DUANCOS; 4. ACCESO Ó BARRIO DE QUINTELA (PKs 0+000-1+947), DENDE O P.K. 2+000 DA LU-P-1114, PARROQUIAS DE DUANCOS E ORIZÓN; 5. ACCESO NO BARRIO DE VILA (PKs 0+000-0+510), DENDE O P.K. 3+880 DA LU-P-1114, PARROQUIA DE ORIZÓN; 6. ACCESO Ó NÚCLEO DE FREINOVAL (PKs 0+000-0+135), DENDE A VÍA MUNICIPAL 010_032, PARROQUIA DE ORIZÓN; 7. ACCESO Á ESCOLA DE ORIZÓN (PKs 0+000-0+050), DENDE A VÍA MUNICIPAL 010_032, PARROQUIA DE ORIZÓN; 8. ACCESO ÓS NÚCLEOS DE CARBALLO E A COSTA (PKs 0+000-1+385), DENDE A ANTIGA LU-P-1706, PARROQUIA DE TRIABÁ; 9. ACCESO ÓS NÚCLEOS DE BARDANCOS E BOUZAVELLA (PKs 0+000-1+480), DENDE A VÍA MUNICIPAL 010_046, PARROQUIA DE TRIABÁ; 10. VIAIS INTERIORES DO NÚCLEO DE MATODOSO, NO P.K. 83+200 DA LU-P-1611, PARROQUIA DE TRIABÁ".

Dado que esta contratación realízase ao abeiro do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2019, cuxas bases reguladoras están publicadas no BOP de Lugo nº 52 de 2 de marzo de 2019.

Sendo necesaria a contratación da redacción do proxecto das obras citado anteriormente.

Vistas as ofertas económicas presentadas no concello polas seguintes empresas:

-Antonio Javier Núñez Núñez, Arquitecto técnico, con NIF 33322162S, que tivo entrada no concello en data 28 marzo de 2019 co nº 74 de rexistro electrónico do concello, por importe estimado de 6.750,00€, en concepto de redacción de proxecto.

-Enrique Mayo López, Arquitecto técnico, con NIF 76720132K, que tivo entrada no concello en data 28 marzo de 2019 co nº 75 de rexistro electrónico do concello, por importe estimado de 6.673,25€, en concepto de redacción de proxecto.

-Alberto Flores Aguiar, Enxeñeiro de camiños, canles e portos, con NIF 33539741Z, que tivo entrada no concello en data 28 marzo de 2019 co nº 76 de rexistro electrónico do concello, por importe estimado de 5.719,93€, en concepto de redacción de proxecto.

Vista a oferta económica da empresa Alberto Flores Aguiar, por importe estimado de 5.719,93€, en concepto de redacción de proxecto.

Dacordo cos artigos 118 e 131 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro e en virtude do disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local e no Decreto de Alcaldía 54/2016, de 7 de marzo (publicado no BOP nº 79, de 7 de abril de 2016):

RESOLVO

Primeiro.- Aprobar a tramitación do expediente de contratación polo procedemento de contrato menor dacordo co artigo 138 da Lei de Contratos do Sector Público.

Segundo.- Aprobar a contratación do servizo de redacción do proxecto das obras citado anteriormente, e aprobar o gasto con cargo á partida orzamentaria correspondente do orzamento do exercicio 2019, que é o prorrogado de 2018, por importe total de 6.921,12 euros.

Terceiro.- Adxudicar o contrato menor do servizo de redacción do proxecto das obras de: "Mellora e mantemento de accesos nas seguintes vías municipais: 1. ACCESO Ó NÚCLEO DE ANCAO (PKs 0+000-1+715), DENDE O P.K. 77+960 DA N-640 Ó P.K. 0+510 DA LU-760, PARROQUIA DE MONDRÍZ; 2. ACCESO Á GRANDA DE CANAVAL (PKs 0+000-1+072), DENDE O P.K. 1+360 DA LU-P-1114, PARROQUIA DE DUANCOS; 3. ACCESO Ó NÚCLEO DO CASTRO (PKs 0+000-0+060), DENDE O P.K. 1+600 DA LU-P-1114, PARROQUIA DE DUANCOS; 4. ACCESO Ó BARRIO DE QUINTELA (PKs 0+000-1+947), DENDE O P.K. 2+000 DA LU-P-1114, PARROQUIAS DE DUANCOS E ORIZÓN; 5. ACCESO NO BARRIO DE VILA (PKs 0+000-0+510), DENDE O P.K. 3+880 DA LU-P-1114, PARROQUIA DE ORIZÓN; 6. ACCESO Ó NÚCLEO DE FREINOVAL (PKs 0+000-0+135), DENDE A VÍA MUNICIPAL 010_032, PARROQUIA DE ORIZÓN; 7. ACCESO Á ESCOLA DE ORIZÓN (PKs 0+000-0+050), DENDE A VÍA MUNICIPAL 010_032, PARROQUIA DE ORIZÓN; 8. ACCESO ÓS NÚCLEOS DE CARBALLO E A COSTA (PKs 0+000-1+385), DENDE A ANTIGA LU-P-1706, PARROQUIA DE TRIABÁ; 9. ACCESO ÓS NÚCLEOS DE BARDANCOS E BOUZAVELLA (PKs 0+000-1+480), DENDE A VÍA MUNICIPAL 010_046, PARROQUIA DE TRIABÁ; 10. VIAIS INTERIORES DO NÚCLEO DE MATODOSO, NÓ P.K. 83+200 DA LU-P-1611, PARROQUIA DE TRIABÁ", a Alberto Flores Aguiar, Enxeñeiro de camiños, canles e portos, con NIF 33539741Z, por importe de 5.719,93€, máis 21% IVE (1.201,19€), que fai un total de 6.921,12€.

Cuarto.- Notificar este acordo a Alberto Flores Aguiar.

Quinto.- A Alcaldía deste concello será a habilitada para a realización de calquera xestión ou sinatura de calquera documento necesarios, para o desenvolvemento e execución desta resolución.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA DATA QUE FIGURA Á MARXE